

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000481	IES Ramón Cabanillas	Cambados	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obligatoria	Lingua galega e literatura	4º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introdución	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	21
4.2. Materiais e recursos didácticos	22
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	24
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	24
6. Medidas de atención á diversidade	26
7.1. Concreción dos elementos transversais	27
7.2. Actividades complementarias	28
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	28
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	30
9. Outros apartados	31

1. Introdución

As nosas decisións programáticas obedecen ao grande obxectivo educativo e social de conseguir e consolidar falantes para o galego. Neste sentido, a materia de Lingua Galega en 4º ESO continúa as liñas dos cursos anteriores na etapa coa continuidade do achegamento á literatura galega e ten a responsabilidade engadida de ser, para parte do noso alumnado, o último contacto co ensino regrado da nosa lingua e literatura. Preténdese mellorar a eficacia comunicativa do alumnado na produción, recepción e interacción oral, escrita e multimodal e pola outra, favorecer un uso ético da linguaxe.

Tendo en conta que a aprendizaxe da lingua prograsa en espiral, os contidos deste nivel non son significativamente diferentes aos de cursos anteriores, senón que a diferenza radica no grao de profundidade coa que son tratados.

Os criterios de avaliación e os contidos distribúense en catro bloques.

En primeiro lugar, «As linguas e os seus falantes» recolle diferentes aspectos sociolingüísticos, facendo fincapé na diversidade lingüística e no desenvolvemento dunha actitude de respecto e aprecio pola lingua, carente de prexuízos de índole idiomática.

O segundo bloque, «Comunicación», abrangue os saberes implicados na comunicación oral e escrita e a alfabetización informacional e mediática.

O terceiro bloque, «Educación literaria», procura consolidar o hábito lector do alumnado, incrementar a súa capacidade para interpretar textos literarios e realizar un achegamento ao contexto histórico-cultural nos séculos XX e XXI.

O cuarto e último bloque, «Reflexión sobre a lingua», pretende acometer a aprendizaxe sistemática da gramática a través de procesos de indagación.

Alén dos contidos lingüísticos, sociolingüísticos e literarios que inclúe a programación cómpre tamén salientar a incorporación de nocións básicas doutras linguas como o éuscaro e o portugués, especialmente este último. Este fomento do ensino/aprendizaxe do portugués está en consonancia coa Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, e coas directrices da Unión Europea relativas ao coñecemento das variedades lingüísticas próximas e, de modo especial, ás transfronteirizas que presentan vínculos históricos e estruturais tan evidentes como acontece co galego e o portugués. A coñecida tamén como Lei Valentín Paz Andrade incide nesta idea ao establecer que «a lingua propia de Galicia, polo feito de ser intercomprensible co portugués, outorgalle unha valiosa vantaxe competitiva á ciudadanía galega» e prosegue, «por iso debemos dotarnos de métodos formativos e comunicativos que nos permitan desenvolvernos con naturalidade nunha lingua que nos é moi próxima e nos concede unha grande proxección internacional».

A proposta didáctica que se presenta para 4º de ESO desenvolve o curríulo establecido en 2022 polas autoridades educativas, distribuído de acordo co calendario escolar para o curso 2023/24, publicado na orde de maio de 2023 para os centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Ao longo do curso, traballaremos na construcción colectiva de proxectos e tarefas colaborativas, á par doutras en agrupamentos menores, parellas e individuais, tanto para o desenvolvemento de habilidades comunicativas escritas e orais, como para as competencias básicas que nos permitan unha aprendizaxe activa e rica que contribúa ao desenvolvemento integral das capacidades do alumnado e das ferramentas necesaria para a vida. Nese sentido, lograr unha adecuada fluidez lingüística, que se seguirá ampliando durante todas as etapas vitais, é o obxectivo esencial da materia ao servizo dos valores humanos (convivencia, preparación para a aprendizaxe autónoma, lectura crítica de textos etc.).

Co fin de priorizar o traballo da competencia oral, escasamente reforzada en galego fóra das aulas, incorporaremos o audiovisual como ferramenta constante de aula, tanto a través da radio do centro, como en proxectos audiovisuais compartidos coa biblioteca e o EDLG (en continuidade co traballo feito en cursos anteriores), así como debates, exposicións orais e outros formatos que serán unha constante nos tres trimestres.

En canto á lectura e o traballo da literatura actual e histórica, a escolha das obras de lectura obligatoria propostas para cada trimestre obedece aos seguintes criterios que se lles aplican á ducia de obras que se len ao longo da etapa:

- A inclusión de obras representativas do noso corpus literario.
- A inclusión de autoras e autores con obra salientable de xeito que non se repita ningún.
- A inclusión de temáticas actualizadas e atractivas para o noso alumnado que promovan a defensa de valores socioculturais e éticos (igualdade, dereitos humanos, benestar animal, conciencia ambiental...).
- A non repetición de temas.
- E a presenza de todos os xéneros ao longo da etapa: narrativa, poesía, teatro, ensaio divulgativo e cómic.

Neste curso, a proposta de lecturas centrarase nos seguintes títulos:

No primeiro trimestre, na aula, compartiremos a lectura de *Cousas*, de Castelao, traballada desde o contexto histórico, e que nos servirá de base para a nosa escrita creativa; como lectura autónoma, *Anagnórise*, de María

Victoria Moreno, escritora alófona en lingua galega.

No segundo, achegamento á poesía coa antoloxía Poetízate, de Fran Alonso.

E no último, lecturas individualizadas de novelas actuais de temas de hoxe, en función dos perfís do alumnado e do maior coñecemento deles/as por parte da profesora: O mal querer, Recinto gris, Reo etc.

Para o alumnado de nova incorporación ao sistema educativo galego, así como para atender as dificultades e características específicas de cada aula, poderanse proponer lecturas obligatorias alternativas.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, a do portugués, catalán e éuscaro), e as características das principais variedades dialectais do galego, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prejuízos e valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura reconhecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.		3		1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.		1-4				1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de producción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descripción:
3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descripción	% Peso materia	Nº sesión	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Somos unha tropa! Temos unha lingua!	<p>Iniciaremos o curso coñecéndonos, como grupo., como base para o noso traballo colectivo.</p> <p>Faremos un achegamento ao contexto histórico de comezos do século XX, co obxectivo de que adquira unha serie de claves para situar autores ou obras nas súas coordenadas Traballaremos textos de Cabanillas e Castelao. E faremos un achegamento ao teatro da época.</p> <p>Aproveitando o centenario do SEG, investigaremos e elaboraremos unha exposición colectiva para o centro.</p> <p>Achegarémonos ao éuscaro: datos e situación. Características.</p> <p>Ampliaremos os coñecementos do portugués con textos de cancións. Mediante o xénero argumentativo o alumnado reflexionará sobre a importancia do galego como vehículo transmisor dunha cultura.</p> <p>Afondaremos na técnica do esquema e dos mapas conceptuais. No traballo gramatical, afondaremos no recoñecemento dos complementos, particularmente do CD e Cl.</p> <p>Iniciaremos a lectura compartida de Cousas, de Castelao, para traballo lingüístico, artístico e de valores humanos.</p>	10	23	X		
2	Cousas nosas	<p>En parellas, prepararán temas escollidos sobre a literatura universal e os libros.</p> <p>O alumnado achegarse á ao concepto de Vangarda, mediante a lectura e análise de textos de diferentes épocas e temáticas que romperon moldes, e mediante a súa propia creación literaria.</p> <p>Realizarán "Cousas miñas", unha recreación en clave persoal da obra de Castelao e faremos delas un proxeecto común (Cousas nosas). Realizaremos unha análise e reflexión sobre a lectura autónoma de Anagnórise. Analizaremos os usos lingüísticos discriminatorios. Coñeceremos as variantes dialectais da nosa lingua, para poder valoralas. Traballaremos sobre textos de actualidade que falen de dereitos humanos vulnerados. Crearemos textos para a radio e gravarémolos, a partir dunha temática escollida grupalmente.</p>	15	18	X		

UD	Título	Descripción	% Peso materia	Nº sesiones	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	El será certo?	Traballaremos a reflexión sobre a manipulación informativa e a relevancia das fontes. Reflexionaremos na importancia da sintaxe na transmisión da información. Expoñerán na aula temas do seu interese, para traballar a investigación e a oralidade planificada. No ámbito literario, analizaremos o uso da palabra para decir sen dicir na Ditadura. O alumnado analizará diferentes textos, reparando na importancia da puntuación. Repasaremos a acentuación. Diacríticos.	15	15		X	
4	O outro lado da música, a poesía	Nesta unidade o xénero literario protagonista será a poesía. Traballaremos a expresión a partir de Poetízate e o alumnado desenvolverá claves para analizar a poesía e falar dela, sen barreiras interpretativas. A poesía e a música como emoción e forma. Desenvolverá tamén o proxecto en gran grupo centrado no achegamento ao xénero poético, partindo da visión de Luís Villalta. Traballaremos vocabulario específico a través en formato multimodal, revisando as interferencias. Farase reflexión e práctica dos conectores e organizadores do discurso.	20	16		X	
5	Que serei? Que seremos?	Traballaremos o curríulo e a carta como instrumento fundamental para a nosa vida académica e laboral. No plano oral traballarase a entrevista e o debate. Practicarans e mecanismos de precisión léxica así como a corrección ortográfica e gramatical e a utilización de construcións morfosintácticas más xenuínas, evitando castelanismos e outras deturpacións. Nesta unidade o xénero literario protagonista será o teatro e a dramatización para a radio. Practicaremos as formas verbais, perífrases de futuro e infinitivo conxugado. Para reflexionar sobre o futuro da lingua, afondaremos na normalización e na construcción da normativa.	20	18		X	
6	Camiños diversos	A protagonista da unidade vai ser a diversidade dende múltiples perspectivas, a diversidade de xénero, a da creación literaria, a ecolingüística. Faremos unha lectura dunha novela actual e argumentaremos arredor dos temas que trata. Seleccionarán textos literarios do seu interese e porán en común as súas perspectivas. Para rematar, crearán textos literarios multimodais que conversen con outras	20	15		X	

UD	Título	Descripción	% Peso materia	Nº sesiones	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Camiños diversos	linguaxes artísticas e audiovisuais da literatura galega da última década. Reflexionaremos na diversidade de rexistros e a súa riqueza expresiva. Mergullarémonos na fraseoloxía.	20	15			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Somos unha tropa! Temos unha lingua!	23

Criterios de evaluación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar, a partir da explicación da orixe común do galego e do portugués e do seu desenvolvemento histórico e sociolingüístico, as semellanzas e diferenzas entre as dúas linguas, identificando e contrastando os trazos lingüísticos más salientables e ampliando o repertorio léxico en lingua portuguesa.	Recoñece os trazos lingüísticos que asemellan e diferencian galego e portugués e domina un repertorio léxico en lingua portuguesa que lle permite ler e comprender textos actuais.		
CA1.4 - Valorar a lingua éuscaria, analizando as súas características más salientables para coñecer e comprender a realidade lingüística de España.	Valora nun texto expositivo as características más salientables do éuscaro e ponas en relación coa realidade multilingüe de España.		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Explica e argumenta a pertenza dun texto ou obra a un dos grandes períodos da literatura dos séculos XX e XXI e relaciónao cun contexto histórico determinado.	PE	75
CA4.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma diccionarios, manuais e gramáticas.	Formula, compara e transforma aspectos de funcionamiento da lingua traballados na aula.		
CA2.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Elabora un texto multimodal destinado ao alumnado onde se explique e demostre contido vinculado á lingua e á cultura galegas.	TI	25

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas más xenuínas.	Incorpora progresivamente procedementos que enriquecen o texto.		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	Analiza e argumenta a relación entre o obxectivo dun acto de comunicación e as eleccións lingüísticas más axeitadas ao contexto, receptor etc.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Ampliación do coñecemento do portugués. Semellanzas e diferenzas léxicas entre o galego e o portugués (falsos amigos). - Valoración e comprensión das principais características do éuscaro. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da producción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Secuencias textuais básicas, con especial atención ás argumentativas. - Procesos de producción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definici - Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calididade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunica - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha prelección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Participación activa en actos culturais vinculados co circuito literario e lector. - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e, en menor medida, do lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construir a interpretación das obras literarias: achegamento ao contexto, á corrente literaria, ao autor ou autora e establecemento de parentescos literarios. - Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos. - Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do

Contidos

- propósito comunicativo.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de diccionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica. Elaboración de glosarios, recoñecemento de distintos tipos de diccionarios, potenciación das TIC a través do emprego do dicionario d

UD	Título da UD	Duración
2	Cousas nosas	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Recoñecer e valorar as variantes dialectais do galego, identificando os trazos fónicos, gramaticais e léxicos más característicos dos bloques e das principais áreas lingüísticas, establecendo as diferenzas respecto da norma e distinguindo estes trazos dos sociolectais e de rexistro en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Recoñece as variantes dialectais do galego atribuíndo ao seu bloque dialectal mensaxes diversas segundo a procedencia dos falantes.	PE	45
CA2.8 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e solucionar os problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa a lingua e o seu uso na redacción de probas de ámbito académico.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Comprende e interpreta o sentido global e a estrutura dun texto de certa complexidade.		
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Analiza os procedementos dun texto.		
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Recoñece e argumenta as relacións entre diferentes textos propostos e outras manifestacións artísticas.		
CA1.5 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social, partindo da información seleccionada.	Investiga en parellas temas do seu interese persoal, co fío condutor da literatura universal.	TI	55

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información más relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais, escritos e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Analiza e comparte a estrutura e información en función das necesidades comunicativas orais e escritas.		
CA2.2 - Realizar exposicións e argumentacións orais e escritas de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social, educativo e profesional axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza exposicións orais e escritas medianamente extensas e complexas, con fluidez, coherencia e cohesión, no rexistro adecuado.		
CA2.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Revisa nos traballos a súa redacción e ortografía.		
CA2.9 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Identifica os usos discriminatorios da lingua e os abusos a través da palabra e destíraos do seu uso particular.		
CA3.4 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	Elabora un traballo sobre a lectura do trimestre, relacionándoa coa súa experiencia biográfica e cultural.		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacóns internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacóns externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	No traballo do libro de lectura dá conta das relacóns internas dos seus elementos constitutivos, das relacóns externas co seu contexto histórico e do seu posicionamento no xénero, subxénero e etapa literaria.		
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crea textos narrativos con intención literaria partindo de referentes narrativos da historia da literatura galega dos séculos XX e XXI.		
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e solucionar os problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Identifica e autocorrixe algúns erros de maneira autónoma.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos

- Fenómenos dialectais fónicos, gramaticais e léxicos dos bloques e das áreas lingüísticas do galego. Comparación entre a norma e as variedades dialectais.
- Desenvolvimento da reflexión sociolingüística. Exploración e rexeitamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, diglosia, préstamos, interferencias.
- Indagación sobre os dereitos lingüísticos e a súa expresión en leis e declaracóns institucionais.
- Elaboración de traballos de investigación relacionados con temas de interese académico, persoal ou social.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da producción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Procesos de producción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos uso
- Producción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada. A ex
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. As falsas noticias. Valoración
- Reconocemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha prelección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e, en menor medida, do lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias e modelos de construcción compartida da interpretación das obras, como discusóns, conversas literarias, debates e emisión razoada das opinión persoais coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construir a interpretación das obras literarias: achegamento ao contexto, á corrente literaria, ao autor ou autora e establecemento de parentescos literarios.
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do univers
- Lecturas de obras que promovan a defensa dos dereitos humanos e a conciencia ambiental.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusóns propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.

UD	Título da UD	Duración
3	El será certo?	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar e cuestionar prejuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respeito e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal a partir da análise da diversidade lingüística da contorna escolar e social próxima e da exploración e reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre linguas e da indagación dos dereitos lingüísticos individuais e colectivos.	Describe e cuestiona prejuízos asentados socialmente e adopta unha argumentación baseada no respeito pola riqueza cultural e a variación dialectal.	PE	55
CA2.4 - Comprender, valorar e interpretar o sentido global, a estrutura, a información más relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e avaliando a súa calidad e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Comprende, valora, interpreta e avalia a calidad e fiabilidade de textos dos medios de comunicación.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información más relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Interpreta de maneira completa un texto ensaístico dando conta da súa estrutura, da información más relevante e da intención do emisor e relacionándoo coa etapa literaria en que foi producido.		
CA3.4 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	Analiza o sentido de obras de vanguarda en relación co contexto e busca vínculos coa súa experiencia cultural.		
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e solucionar os problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa o seu escrito con coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.		
CA1.5 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social, partindo da información seleccionada.	Elabora un traballo de investigación en grupo sobre un tema de interese académico.		
CA2.2 - Realizar exposicións e argumentacións orais e escritas de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social, educativo e profesional axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza unha exposición oral argumentada en rexistro formal do seu traballo de investigación con fluidez, coherencia e cohesión en rexistro formal e cunha utilización adecuada dos recursos verbais e non verbais.	TI	45

Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e reelaborala e comunicala de maneira creativa adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Contrasta a información en diversos medios de comunicación adoptando un punto de vista crítico.		
CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	Procura información, analizando as fontes e o rígo dos datos ofrecidos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento da reflexión sociolingüística. Exploración e rexeitamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, diglosia, préstamos, interferencias. - Elaboración de traballos de investigación relacionados con temas de interese académico, persoal ou social. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da producción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital e ris-cos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbal - Procesos de producción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos uso - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada. A ex - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. As falsas noticias. Valoración - Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunica - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Correlación temporal na subordinación de oracións e no discurso relatado. - Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha prelección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras. A subordinación. A consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. - Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración composta (subordinada). Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.

UD	Título da UD	Duración
4	O outro lado da música, a poesía	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información más relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais, escritos e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidad, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Analiza a estrutura e os procedementos comunicativos dun texto, reflexiona e explica aspectos do código en relación coa idoneidade do uso.		
CA3.4 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	Analiza textos literarios e relaciónaos coa súa experiencia cultural.		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacóns internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacóns externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Explica e interpreta textos de obras traballadas, a partir da análise dos elementos constitutivos en relación co contexto histórico e do seu posicionamento no xénero, subxénero e etapa literaria.	PE	55
CA4.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamiento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma diccionarios, manuais e gramáticas.	Utiliza a metalinguaxe traballada para analizar aspectos diversos dun texto (conectores, interferencias etc.)		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información más relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Interpreta o sentido de textos poéticos e multimodais propostos.		
CA3.3 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	Elabora un traballo sobre a obra escollida para lectura autónoma poética de carácter trimestral explicando o seu criterio de selección e a experiencia lectora.	TI	45
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Nas súas creacións poéticas establece vínculos con outras obras da nosa tradición literaria e con outras artes.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Xéneros discursivos desde o punto de vista da producción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Procesos de producción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Mecanismos de cohesión. Conectores textuais de causa, consecuencia, condición e hipótese. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto).
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha prelección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e, en menor medida, do lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias: achegamento ao contexto, á corrente literaria, ao autor ou autora e establecemento de parentescos literarios.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e lingua-xes. Elementos de continuidade e d
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade.

UD	Título da UD	Duración
5	Que serei? Que seremos?	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Recoñecer e valorar as variantes dialectais do galego, identificando os trazos fónicos, gramaticais e léxicos más característicos dos bloques e das principais áreas lingüísticas, establecendo as diferenzas respecto da norma e distinguindo estes trazos dos sociolectais e de rexistro en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Identifica as variantes dialectais en relación coa norma, e comprende os criterios da creación normativa do galego	PE	55

Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información más relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais, escritos e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidad, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Comprende e valora as características dun texto, analiza a súa estrutura e procedementos empregados.		
CA2.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Dado un suposto, redacta en rexistro formal de maneira satisfactoria unha carta de motivación tendo en conta a situación comunicativa, a persoa destinataria, o propósito e a canle e que cumpla as características de adecuación, coherencia e cohesión.		
CA2.8 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e solucionar os problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa e corrixe de maneira autónoma os seus propios textos.		
CA4.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas más xenuínas.	Enriquece os textos con precisión léxica, corrección ortográfica e gramatical así como tamén coa utilización de construcións morfosintácticas más xenuínas evitando castelanismos e outras deturpacións.		
CA1.5 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social, partindo da información seleccionada.	Investiga, sintetiza e elabora información para a difusión oral na aula.		
CA2.3 - Participar de maneira activa e axeitada en interaccións orais informais e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escucha activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Participa de forma correcta nunha entrevista/debate mantendo a escucha activa, a cooperación conversacional e a cortesía lingüística.	TI	45
CA2.10 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos, procurando consensos, tanto no ámbito persoal coma no educativo e no social.	Utiliza estratexias para o diálogo oral respectuoso e construtivo.		
CA3.3 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	Escolle, le e argumenta os criterios de selección e opinión da lectura.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Elaboración de traballos de investigación relacionados con temas de interese académico, persoal ou social.

Contidos

- Xéneros discursivos desde o punto de vista da producción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Secuencias textuais básicas, con especial atención ás argumentativas.
- Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.
- Xéneros discursivos propios do ámbito profesional: o currículo, a carta de motivación e a entrevista de traballo.
- Procesos de producción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: cooperación conversacional e cortesía lingüística. Es-coita activa, assertividade e resolución dialogada dos conflitos.
- Producción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada. A ex-
- Producción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definici
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e grammatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información grammatical básica. Elaboración de glosarios, recoñecemento de distintos tipos de dicionarios, potenciación das TIC a través do emprego do dicionario d

UD	Título da UD	Duración
6	Camiños diversos	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Recoñecer e valorar as variantes dialectais do galego, identificando os trazos fónicos, gramaticais e léxicos más característicos dos bloques e das principais áreas lingüísticas, establecendo as diferenzas respecto da norma e distinguindo estes trazos dos sociolectais e de rexistro en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Recoñece desviacións na escrita vinculadas ás características dialectais e de rexistro nos textos.	PE	70

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Realizar exposicións e argumentacións orais e escritas de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social, educativo e profesional axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza unha argumentación escrita respectando as características do xénero discursivo con fluidez, coherencia e cohesión ao redor do tema da diversidade.		
CA2.4 - Comprender, valorar e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Comprende e interpreta o sentido global dun texto e a súa estrutura.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Comprende textos literarios da última década e analiza a estrutura e relevancia en relación co contexto histórico.		
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Valora criticamente textos de complexidade e os procedementos lingüísticos empregados.		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Explica e argumenta textos, dando conta das relacións internas dos seus elementos constitutivos, das relacións externas co seu contexto histórico e do seu posicionamento no xénero, subxénero e etapa literaria.		
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Establece vínculos entre textos literarios galegos da última década e o seu contexto histórico e cultural.		
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e solucionar os problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa o seu traballo textual de forma autónoma utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	Reflexiona, a partir dun texto, sobre aspectos de estrutura e lingua, coa metalinguaxe específica traballada.		

Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	Elabora un traballo sobre a obra escollida para lectura autónoma trimestral, argumenta a súa análise e expresa aspectos da súa experiencia lectora.	TI	30
CA3.4 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	Relaciona a lectura coa súa experiencia biográfica e cultural.		
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crea textos literarios multimodais que conversen con outras linguaxes artísticas e audiovisuais da literatura galega da última década.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Diferenzas entre os trazos dialectais, os sociolectos e os rexistros. - Procesos de producción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da lingüaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da lingüaxe. As falsas noticias. Valoración - Producción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definici - Reconocemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha prelección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Criterios e estratexias para a selección de obras variadas que inclúan autoras e autores galegos e, en menor medida, do ámbito lusófono a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible. - Participación activa en actos culturais vinculados co circuito literario e lector. - Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalingüaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación. - Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora: aclarar os propósitos, activar o coñecemento de base, atender os contidos principais, avaliar a consistencia interna entre os contidos e os coñecementos previos, formular e avali - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. - Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados, respectando sempre a propiedade intelectual, ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios. - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e, en menor medida, do lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.

Contidos

- Estratexias e modelos de construcción compartida da interpretación das obras, como discusións, conversas literarias, debates e emisión razoada das opinión persoais coa incorporación progresiva da metalinguaxe especí-fica.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias: achegamento ao contexto, á corrente literaria, ao autor ou autora e establecemento de parentescos literarios.
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo.
- Lecturas de obras que promovan a defensa dos dereitos humanos e a conciencia ambiental.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

LIÑAS METODOLÓXICAS:

O principal propósito que se procura é mellorar a competencia comunicativa en lingua galega.

A metodoloxía de ensino en Lingua Galega e Literatura tratará de ser o máis activa posible e alternará traballos individuais con traballos cooperativos que melloren os vínculos entre o alumnado e favorezan as relacións desde a diversidade e mesmo a interculturalidade, nunha liña de traballo competencial. Segundo a Teoría de Intelixencias Múltiples de Gardner existen diferentes estilos de aprendizaxe, por conseguinte, tratarase na medida do posible de atender os diferentes ritmos para que todo o alumnado vaia adquirindo os coñecementos básicos.

Outra cuestión a ter en conta é o traballo da oralidade, para suplir as carencias sociais neste ámbito de boa parte do alumnado.

LIÑAS DE ACTUACIÓN NO PROCESO DE ENSINO E APRENDIZAXE:

-O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e que o capaciten para acceder á formación superior ou ao futuro profesional de forma competente.

-A realización de tarefas complexas, de xeito que o alumnado teña que mobilizar un amplio conxunto de recursos e saberes para afrontar con éxito as diferentes situacións comunicativas e sexa quen de responder aos retos da sociedade do século XXI, que require persoas cultas, críticas e ben informadas.

-O deseño de proxectos significativos para o alumnado, baseados en contextos recoñecibles, que teñan en conta, se for posible, as súas vivencias particulares e o reforzo do seu compromiso co desenvolvemento sostible, a defensa dos dereitos humanos e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática.

-O traballo cooperativo, coa proposta de tarefas nas que o alumnado debe regular a súa conduta e a súa capacidade para se relacionar cos demais, estimulando o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.

Alén diso, o traballo colaborativo en proxectos debe potenciar que cada persoa teña os seus tempos e os seus espazos de recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade de contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

-A énfase na atención á diversidade, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades ou de tarefas de ampliación para aquel alumnado que precise afondar máis nos contidos.

-Uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento. A adquisición destas destrezas pode acadarse a través da lectura de distintos tipos de textos, da súa comprensión e da

reflexión arredor deles.

-O desenvolvemento gradual e progresivo dos obxectivos e dos contidos de maneira que, alén de incrementar a dificultade dos procesos e situacions comunicativas, tamén se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma.

-A potenciación da reflexión interlingüística, centrada especialmente na lingua galega e portuguesa. Buscamos a intercomunicación nos dous idiomas con actividades que favorezan a adquisición doutras habilidades que, como a mediación, poden resultar moi útiles na futura traxectoria profesional da mocidade galega. Con este fin, os centros educativos, a través do profesorado de Lingua Galega, o equipo de dinamización da lingua galega, a biblioteca ou outros departamentos así como a través de programas internacionais, poderán promover actuacions que, de xeito presencial ou virtual, propicien os intercambios lingüísticos entre o alumnado galego e lusófono (Ex. Novembro, mes do portugués na biblioteca, que xa celebramos o curso pasado).

-Traballo interdisciplinario e a coordinación con outros departamentos e equipos do centro, especialmente co equipo de dinamización da lingua galega e o equipo de biblioteca como mellor vía para promover actuacions, particularmente radio na biblio e proxectos audiovisuais.

-A proposta de lectura de obras que, alén de ampliar os ámbitos de coñecemento do alumnado e de melloraren o seu nivel de capacidade verbal, promovan a defensa de valores socioculturais e éticos.

-A recomendación de lecturas en soportes variados, enmarcando as obras nos xéneros literarios e evitando a memorización descontextualizada dun conxunto de características, autores e títulos de obras.

-A énfase nas estratexias que fomenten a oralidade e as competencias activas co fin de que o alumnado adquira os recursos necesarios para se expresar correctamente nunha ampla variedade de situacions comunicativas (espontáneas ou planificadas) e de contextos (formais e informais). Entre o amplo abano de actuacions que contribúen ao desenvolvemento desta destreza, están a creación de produtos audiovisuais, as dramatizacions, a radio e outras iniciativas de exposición de contidos fóra das aulas.

-O cultivo da sensibilidade estética e cultural do alumnado para que sexa quen de apreciar a beleza das obras literarias e para fomentar o enriquecemento do seu acervo cultural e das súas posibilidades de expresión, a través, por exemplo, da realización de exposicións, comentarios, adaptacions audiovisuais etc.

-O desenvolvemento da competencia dixital en lingua galega a través das TIC e o coñecemento de recursos dixitais que faciliten a procura de información, a revisión dos textos e a súa posterior divulgación, sempre respectando os dereitos da propiedade intelectual.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
BIBLIOGRAFÍA
Callón Torres, Carlos. (2012): Como falar e escribir en galego con corrección e fluidez. Vigo. Xerais.
Materiais diversos na rede, agrupados en Edixgal (culturagalega.gal, ogalego.eu etc.)
Dosil, Benjamín (2015): Escrita doada: consellos para redactar ben. Vigo: Xerais
Academia.gal: Repositorio de contidos da Real Academia Galega
Fernández Fernández, Isaac (2010): Dicionario galego-euscaro, euskara-galiziera. Vigo: Universidade de Vigo.
Fernández Rei, Francisco (2003): Dialectoloxía da lingua galega. Vigo: Xerais de Galicia.
Formoso Gosende, Valentina. (2013): Do estigma á estima: propostas para un novo discurso lingüístico. Vigo. Xerais.
Gutiérrez Izquierdo, Ramón (2000): Lecturas de nós. Introducción á Literatura galega. Vigo. Xerais.
Iglesias Álvarez, Ana. (2003): Falar galego: no veo por qué : aproximación cualitativa á situación sociolingüística de Galicia. Vigo. Edicións Xerais de Galicia.
Monteagudo Romero, Henrique. (2021): O idioma galego baixo o Franquismo. Da resistencia á normalización. Vigo: Galaxia.

Núñez Singala, Manuel. (2009): En galego, por que non? Contra os prexuízos e as simplificacións en contra da lingua galega. Vigo. Galaxia.
Núñez Singala, Manuel (2017): Sacar a lingua é de mala educación. Oportunidades do multilingüísmo na infancia e na idade adulta. Vigo. Galaxia.
Queixas, Mercedes. (2016). De pergamiños, follas voandeiras e libros ao .gal. Breve historia da literatura galega. Vigo. Xerais.
RAG/ILG. (2003): Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego-
Regueira, Xosé Luís (2010): Dicionario de pronuncia da lingua galega. A Coruña: Real Academia Galega.
Rosales Cereijo, Manuel (2002): A linguaxe literaria. Guía de recursos para a análise textual. Vigo: Xerais.
Vilavedra, Dolores. (1999): Historia da Literatura Galega. Galaxia.
VVAA. (2007): Dicionario Xerais castelán-galego de usos, frases e sinónimos. Vigo: Xerais.
Aulas Galegas: https://aulasgalegas.org/
Aulas Galegas - Materia de Lingua Galega e Literatura: https://aulasgalegas.org/category/linguas/galego/
Dicionario castelán-galego. Rinoceronte Editora: https://rinoceronte.gal/dicionario/
Dicionário Estraviz: https://www.estraviz.org/avanzada.php
Dicionario fluvial (é un dicionario visual dos ríos galegos): https://www.rios-galegos.com/
Dicionario de termos literarios. AS-PG: http://literaturagalega.as-pg.gal/termos-literarios/a.html
Equipos de Dinamización da Lingua Galega no Portal da Lingua Galega. Secretaría Xeral de Política Lingüística: https://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/equipos-de-dinamizacion-da-lingua-galega
Glosario de errores léxicos e fraseológicos más comunes en gallego. Servizo de Normalización Lingüística da USC: https://www.usc.es/gl/servicios/snl/asesoramiento/dubidas/glosario
Portal da Lingua Galega. Secretaría Xeral de Política Lingüística: https://www.lingua.gal/portada
Portal das Palabras. Real Academia Galega e Fundación Barrié: http://www.portaldaspalabras.org/
Vocabulario ortográfico da lingua galega (VOLG), RAG / ILG, Galaxia (http://www.realacademiagalega.org/recursosvolg)

As aulas e a biblioteca son os lugares en que o alumnado ten ao seu alcance a maioría dos recursos e materiais do centro. En ambos os espazos desenvolveremos as nosas clases. A biblioteca ofrece, ademais, obras de lectura, libros de texto, mapas, revistas, xornais e recursos dixitais para consultar información, realizar traballos de investigación etc. En resumo, dispoñemos de:

- Medios audiovisuais: ordenadores, pantallas dixitais, canón, impresoras, tablets para gravación audiovisual, sala de audiovisuais (croma), radio na biblio...
- Recursos dixitais: dicionarios en liña, xornais dixitais e acceso a

diversos portais da lingua (Portal da Lingua Galega, Portal das Palabras), blogs, aplicacións etc.

- Material bibliográfico: libros de lectura, libros de texto e de consulta, dicionarios en papel, xornais, revistas, mapas etc.

Por outra parte, tal como se especifica no artigo 78 da Orde do 8 de setembro de 2021, desenvolveranse materiais axeitados para a atención á diversidade. O centro dispón dunha equipación adecuada para todo o alumnado, mesmo para aquel que teña dificultades de accesibilidade ás súas instalacións (cadeiras de rodas, elevadores, escada rolante, muletas etc.). Se se precisa algúun outro material complementario adaptado a este tipo de alumnado, será solicitado á Consellería a través dos informes correspondentes.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial, cuxo fin é diagnosticar e valorar o nivel de coñecementos previos do alumnado, efectuarase nas primeiras sesións do curso. Será, xunto coa información obtida a través do Departamento de Orientación e da consulta do expediente académico do alumno ou alumna no XADE, unha ferramenta esencial para coñecer o nivel académico do alumnado nas distintas competencias, co fin de poder adaptar o seu proceso de ensinanza e a súa proposta didáctica a ese nivel.

Alén diso, a avaliación inicial constitúe un factor preventivo esencial na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan e, nos casos en que for necesario, para demandar da xefatura do Departamento de Orientación a realización dunha avaliación psicopedagóxica.

Nas sesións iniciais avaliarase:

- Comprensión ora e escrita, a partir de textos de natureza diversa.
- Producción oral. O alumnado fará unha presentación oral sobre os seus gustos, expectativas para o curso, que contribuirá ao mesmo tempo para que o grupo se coñeza.
- Producción escrita. O alumnado realizará unha pequena composición escrita de carácter argumentativo.

A avaliación serviralle, ao mesmo tempo, á docente para coñecer os intereses do alumnado e poder, así, preparar materiais ao longo do curso que atendan eses intereses.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	15	15	20	20	20	100
Proba escrita	75	45	55	55	55	70	58
Táboa de indicadores	25	55	45	45	45	30	42

Criterios de cualificación:

Coa vontade de desenvolver un proceso de ensinanza-aprendizaxe competencial nesta programación apostouse por unha didáctica que lle dese importancia ao desenvolvemento de proxectos e de actividades centradas na utilización da lingua oral.

Por motivos evidentes de adquisición da lingua, é imprescindible o uso da lingua galega en todas as actividades orais e escritas relacionadas coa aula de Lingua Galega e Literatura. No Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, no artigo 12 establecécese que "nas clases de lingua e literatura galega usarase o galego tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado". O incumprimento deste artigo por parte da alumna ou alumno no desenvolvemento das sesións de clase provocará un suspenso na materia.

Cualificación trimestral:

A nota de cada trimestre corresponderase coa cualificación das actividades de avaliación das unidades didácticas abranguidas nel aplicando a ponderación de nota correspondente entre elas.

Contidos disponibles en probas escritas (farase, como mínimo, unha proba): 55%

Traballo (audiovisual ou escrito) da lectura obligatoria: 15%

Oralidade planificada (debates, exposiciones etc.): 15%

Proxectos: 10%

Traballo de aula (exercicios, podcast...) e deberes: 5%

A entrega dos traballos esenciais do trimestre é imprescindible para superar a materia en cada avaliación. Nas probas, a nota para poder facer media debe ser, como mínimo, 5.

Na nota final da avaliación farase redondeo á alza cando os decimais estean porriba de 7; é dicir, un 7,7, por exemplo, sería un 8 no Xade.

Cualificación final ordinaria:

Para o cálculo da cualificación final ordinaria do curso farase a media ponderada das notas medias dos tres trimestres sen o redondeo, sendo un 25% o valor do primeiro, un 35% do segundo e un 40% do terceiro. Esta media deberá ser de 5 ou maior para dar por superada a materia.

Cualificación final:

O alumnado para superar a materia deberá ter unha media de cualificación de 5 puntos ou superior tendo en conta o conxunto de actividades de avaliación (e recuperacións no seu caso), sendo as probas escritas só unha parte delas.

Criterios de recuperación:

Especificacións para os mecanismos e criterios de recuperación:

1. Para facilitar a recuperación de cada avaliación, procederase do seguinte xeito:

- Ao longo do segundo trimestre no prazo establecido pola/o docente, o alumnado que suspendese o primeiro trimestre terá dereito ás probas/traballos para a súa recuperación.

- Ao longo do terceiro trimestre, no prazo establecido pola/a o docente, o alumnado que suspendese o segundo trimestre poderá optar á súa recuperación.

- No caso do terceiro trimestre, o alumnado que non supere os obxectivos fixados, deberá realizar as probas/entregas finais de recuperación antes da avaliación final.

3. Aqueles mecanismos de avaliación que non sexan susceptibles da súa repetición, por exemplo, unha presentación en grupo, serán avaliados mediante a adaptación a unha versión individual que permita comprobar a superación dos criterios de avaliación implicados mantendo os mesmos instrumentos de avaliación.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade enténdense como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a darles resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacions persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para a ESO e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

Segundo o artigo 49 da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, "as administracións educativas asegurarán os recursos necesarios para que as alumnas e alumnos que requirian unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentaren necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da lingua e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por se acharen en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por se teren incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado".

A partir da avaliación inicial, proporanse as correspondentes actuacións de seguimento e atención ao alumnado, tanto as medidas ordinarias como as extraordinarias. Faranse actividades específicamente deseñadas para cada caso.

Así, en concreto, o plan específico personalizado para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso, obrigado polo artigo 52 da Orde do 8 setembro de 2021 de atención á diversidade incluirá os seguintes apartados:

- a) Identificación da alumna ou do alumno
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan
- f) Se for o caso, oferta de medidas extraordinarias
- g) Acreditación da información á familia

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, se for necesario, realizaránse os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e aproveitamento.

Débese ter en conta o establecido no artigo 41 da citada Orde que, de conformidade co artigo 7 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, define as medidas de atención á diversidade como as actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado.

Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias e deberán estar recollidas no Plan xeral de atención á diversidade e nas concrecions anuais do dito plan.

Nas medidas ordinarias, por exemplo, teranse en conta os reforzos educativos (RE) e nas extraordinarias as adaptacións curriculares (ACS).

No caso dos RE, se for precisa a súa aplicación, elaborarase, un informe individual final de curso sobre as medidas de reforzo educativo onde consten os datos do alumno ou alumna e os datos do reforzo educativo en que se inclúa a data de comezo e de remate e a descripción das medidas desenvolvidas (motivo, descripción das medidas, temporalización, axuda do profesorado, corrección, e valoración final e coa previsión para o seguinte curso se ten que continuar ou non o RE).

Aínda que no momento da elaboración desta PD non se coñece a natureza dos alumnos e alumnas que cursarán esta materia, e aínda pendentes da avaliación inicial, logo de analizar os informes do centro de procedencia e da información facilitada polo/a orientador/a, espérase contar con alumnado diverso.

O alumnado con necesidades específicas debe estar nunha aula con bo clima de traballo e, se for posible, na que non coincida con alumnado con problemáticas semellantes. Estará sentado cerca da mesa do profesorado e ao lado de compañeiras ou compañeiros que lle sirvan de modelo de tranquilidade, de orde e de axuda. Contará cunha axenda que o axudará na súa organización.

Implementaranse as medidas necesarias, de acordo coa Orientadora e os protocolos establecidos. En xeral, procurarase:

- Alternar actividades teóricas con traballo práctico.
- Antes de empezar unha actividade, explicarase en que consiste de xeito claro e sinxelo, e asegurarase de que a entendeu todo o alumnado.
- Empregar estratexias para captar a atención inicial, como mudanzas de entoación, xesticulación e dramatización.
- Segmentar as actividades longas e limitar o número destas.
- Supervisar frecuentemente a realización, para reforzar positivamente ou para reconducir a execución ou as

distraccións.

- Usar reforzos e apoios visuais na instrución oral.
 - Reducir e fragmentar as actividades.
 - Supervisar os exercicios e asegurarse de que entendeu o que ten que facer.
 - Utilizar reforzos e apoios visuais na instrución oral.
 - Non sobrecargar de tarefas para a casa, cómpre que o profesorado do curso se coordine e seleccione aquelas que se consideren más importantes.
- En canto ás probas escritas e, co fin de as mellorar, será necesario:
- Fixar as datas dos exames con suficiente antelación.
 - Traballar con mostras de formato de exames. Serve de gran axuda para todos poder adestrarse con exercicios e formatos tipo do que van atopar no día sinalado.
 - Utilizar diferentes formas e instrumentos de avaliación.
 - Acurtar os exames escritos e formular preguntas breves, pechadas, claras e con vocabulario sinxelo. En ningún caso se formularán preguntas que poidan resultar ambiguas ou que teñan unha sobre interpretación.
 - Dar máis tempo para realizar as probas ou os exames escritos.
 - Presentar escrito o texto dos exames, salientando en letra negra as partes más importantes de cada cuestión e, no caso de preguntas complexas, diferenciando ben cada tarefa.
 - Supervisar que a/o alumna/o respondeu a todas as cuestións antes de entregar o exame.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - - A comunicación audiovisual		X		X		X
ET.2 - - A competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.3 - - O emprendemento social e empresarial			X			
ET.4 - - O fomento do espírito crítico e científico			X			X
ET.5 - - A educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X
ET.6 - - A igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X
ET.7 - - A creatividade	X	X	X	X	X	X

Observacións:

O Decreto do currículo de ESO establece que en todas as materias e, polo tanto, en Lingua Galega e Literatura de 4º de ESO, traballarase:

- a comprensión lectora
- a expresión oral e escrita
- a comunicación audiovisual
- a competencia dixital
- o emprendemento social e empresarial
- o fomento do espírito crítico e científico
- a educación emocional e en valores
- a igualdade de xénero
- a creatividade

Alén diso, pola peculiaridade da materia de Lingua Galega e Literatura, a comprensión lectora e a comunicación oral e escrita, ao formar parte do currículo, serán elementos tratados dunha ou doutra maneira en todas as unidades didácticas, polo que non aparecen singularizados en ningunha delas.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descripción	1º trim.	2º trim.	3º trim.
100 anos do SEG	Intervención: exposición na entrada do centro elaborada polos dous grupos	X		
Rianxo, vila literaria	Roteiro de Castelao, Manuel Antonio e Dieste		X	
O outro lado da música, a poesía	Intervención poética fóra da aula			X

Observacións:

As actividades complementarias insírense de cheo nas unidades didácticas da programación, é por iso que o alumnado poderá realizar actividades de carácter voluntario para incrementar a súa nota trimestral mediante proxectos ou actividades asociados a elas.

Garantirse que a súa valoración sexa obxectiva e que a súa realización sexa accesible a todo o alumnado independentemente da súa situación económica familiar ou de calquera outra forma de dificultade.

Estas tarefas desenvolveranse fóra da aula.

Promoverase, ademais, o voluntariado da biblioteca e do EDLG, así como do equipo de Igualdade. Promoverase tamén a participación nos Clubs de lectura.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
9. Fíxose un seguimento continuo da programación didáctica ao longo do curso e realizáronse as modificacións e adaptacións necesarias.
12. Axustáronse as unidades didácticas á temporalización indicada e desenvolvéronse as actividades propostas de acordo á súa secuenciación.
13. Mantívose a coherencia entre obxectivos, criterios de avaliación, contidos e os mínimos de consecución.
14. Utilizáronse procedementos, criterios e instrumentos de avaliación adecuados.
Metodoloxía empregada
6. Impartiuse a clase de forma amena, con explicacións claras e exemplificacións sinxelas e comprensibles.
8. Procurouse a actualización profesional, tanto no que se refire a aspectos didácticos xerais e específicos da materia como no ámbito das novas tecnoloxías.
15. Empregouse unha metodoloxía precisa e variada, con uso de materiais diversos.
24. Fomentouse que o alumnado utilizase a lingua galega habitualmente na clase co profesor ou profesora e cos seus compañeiros e compañeiras.

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
5. O alumnado foi informado detalladamente dos criterios e instrumentos de avaliación e cualificación establecidos.
7. Respectouse a puntualidade á hora de entrar na aula e mostrouse unha actitude entusiasta e dinámica.
21. Corrixíronse as probas no prazo establecido, e analizáronse e comentáronse posteriormente na aula.
23. Pasóuselle ao alumnado un cuestionario-enquisa respecto da práctica docente do profesor ou profesora.
Medidas de atención á diversidade
3. Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado e aplicáronse os protocolos correspondentes
4. Logo de realizarse a avaliação Inicial e de recibir a información transmitida polo Departamento de Orientación, mantívose o seguimiento personalizado de todo o alumnado ao longo do curso
11. Estableceuse unha comunicación continuada co alumnado imposibilitado para asistir temporalmente ao centro (atención domiciliaria, hospitalización etc.), a través da aula virtual ou doutras comunicaciones telemáticas.
16. Propuxéreronse e concretáronse actividades de seguimiento para atender a diversidade do alumnado: NEAE, repetidores/as, ACS, reforzos.
Clima de traballo na aula
1. Propiciouse un ambiente motivador na aula.
2. Respectouse o alumnado e demostrouse sensibilidade ante os seus problemas e as súas diferencias, tanto culturais como de procedencia.
20. Potencióuse a participación, o diálogo e a reflexión dentro da aula.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
10. Estableceuse unha comunicación fluída e constante con outros departamentos, equipos e grupos de trabalho específicos.
17. Participouse no Plan lector do centro e en actividades programadas por outros grupos ou equipos docentes (EDLG, Equipo de Biblioteca etc.).
18. Asistiuse ás reuniones de departamento achegando ideas, información e modificaciones á PD, valorando os resultados das evaluaciones do alumnado e propondo estrategias de mejora.
19. Analizáronse as cualificaciones do alumnado e valoráronse as porcentajes de aprobados e suspensos na materia.
22. Mantívose contacto regular coas familias para seren informadas de todo o proceso de ensino-aprendizaxe das filhas ou fillos.

Descripción:

Resulta fundamental que o profesorado posúa ferramentas e emplegue procedimientos útiles para avaliar o proceso do ensino e a sua práctica docente. Esta valoración efectúase, tal e como indica a normativa vixente, a través dunha indicadores de logro "o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a sua propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes".

Estes indicadores xiran arredor de tres aspectos: ao referente á actitude profesional dentro da aula, ao coñecemento e á actitude a respecto do alumnado e ao cumprimento do establecido na programación didáctica.

Os ditos indicadores de logro valoraranse nunha escala de 0 a 5, e os seus resultados deben ser inseridos dentro da memoria final.

Para recompilar información e elaborar os indicadores de logro poderanse utilizar os cuestionarios que lle foron proporcionados ao alumnado, mesmo ao final de cada trimestre e ao remate do curso.

Todos estes datos formarán parte de memoria final e deben terse en conta para que se poidan corrixir as deficiencias detectadas na PD do próximo curso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para a elaboración da programación didáctica partiuse do seguimento das directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagólica (CCP). Alén diso, tivérónse en conta as propostas de mellora existentes na memoria do curso pasado.

A estrutura da PD inclúe os apartados que se expresan a seguir:

-Introdución

-Obxectivos e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias

-Relación de unidades didácticas, coa súa secuenciación e temporalización, que conteñen a parte do currículo da materia que se traballou e a relación dos instrumentos de avaliación.

-Metodoloxía, coas concrecions metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos

-A avaliación, que refire o procedemento para a avaliación inicial, os criterios de cualificación coa indicación dos mínimos de consecución para superar a materia

-Medidas de atención á diversidade

-A concreción dos elementos transversais

-As actividades complementarias

-A práctica docente, que inclúe o procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro e o procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da propia programación didáctica.

En previsión de calquera circunstancia imprevista, tipo COVID ou outras, achegárase unha addenda coas correspondentes modificacions, basicamente en canto a modificación da metodoloxía e dos indicadores de logro mínimos por se fose necesaria unha atención virtual do alumnado.

Rematado o curso, para proceder a unha avaliación, revisión e propostas de mellora da PD, débense considerar os seguintes apartados:

-A programación entregouse no prazo establecido normativamente.

-O desenvolvemento da programación didáctica foi analizado e revisado na última reunión de departamento de cada trimestre.

-Valorouse o grao de cumprimento da secuenciación e temporalización das respectivas unidades didácticas, e se o seu deseño se axustou aos distintos elementos do currículo.

-Valorouse a metodoloxía seguida e se os materiais e recursos didácticos empregados deron os resultados previstos.

-En canto á avaliación, analizouse se o deseño das probas de avaliación inicial e os mecanismos para a súa realización foron os adecuados.

-Así mesmo, valorouse se os criterios de avaliación establecidos ao longo do curso foron os axeitados.

-Revisáronse as medidas adoptadas a respecto do alumnado NEAE presente nas aulas.

-Valorouse a pertinencia dos distintos elementos transversais e o grao de cumprimento e participación en actividades complementarias.

-Analizouse se os mecanismos de información ás familias estaban dando os resultados previstos e se foron útiles e axeitados.

-Incluíuse a avaliación da práctica docente e da propia PD.

-Partiuse do seguimento das directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagólica (CCP) e tivérónse en conta as propostas existentes na memoria do curso anterior.

Para levar a cabo esta análise e comprobación da adecuada aplicación da PD, elaboráronse os seguintes indicadores de logro, que deberán ir acompañados das correspondentes puntuacions nunha táboa de 1 a 5.

1. Conseguíuse acadar o grao de cumprimento dos obxectivos didácticos propostos, co correspondente desenvolvemento das competencias clave.

2. A secuenciación das UD propostas foi a axeitada, así como o número delas e a súa distribución cronolóxica.

3. As concrecions metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos utilizados axustáronse aos fins perseguidos.

4. Os criterios de avaliación foron ben aplicados.

5. Os instrumentos de avaliación foron os adecuados.

6. Os mínimos de consecución para cada criterio de avaliación estiveron ben establecidos.

7. Atendeuse debidamente a diversidade do alumnado (segundo os protocolos de actuación correspondentes).

8. Atendéronse suficientemente os contidos transversais e as actividades complementarias.

9. A materia contribuíu aos distintos plans do centro: PLC, Plan lector, TIC, Convivencia....

10. Realizouse un seguimento regular da PD por parte do departamento.

11. Avaliouse o cumprimento da PD aplicando unha escala de 1 a 5 .

12. Establecerónse propostas para emendar as deficiencias observadas na aplicación da PD.

13. Estas propostas foron incluídas na memoria final do departamento.

Na acta da última reunión do departamento recolleranse todas as modificacións ou adaptacións feitas ao longo do curso e as propostas de mellora suxeridas. Todos estes datos incluiranse, ademais, na memoria final do departamento para seren tidas en conta na PD do próximo curso; tamén serán transmitidas e expostas, se for o caso, na primeira reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Por último, convén sinalar que todos os membros do departamento didáctico realizarán a necesaria actualización para poderen elaborar e facer o correspondente seguimento da PD a través da aplicación PROENS.

9. Outros apartados